

# informa **TEO**

ADMINISTRACIÓN

## Nova corporación municipal



O goberno de Teo para o mandato 2019-2023, conformado a raíz das eleccións do 26 de maio, xa funciona a pleno rendemento. O alcalde, Rafael Sisto, delegou as áreas de goberno entre os seus integrantes, conforme ao pacto de goberno asinado entre Sondeteo e PSOE de Teo, deste xeito:

- Uxía Lemus, concelleira de Urbanismo, Seguridade Cidadá, Enerxía e Sostibilidade.
- Iria Otero: Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade.
- Roberto Moñino: Infraestruturas.
- Xosé Ignacio Iglesias: Servizos de Benestar, Persoal e Deportes.
- María Josefa Argibay: Educación, Cultura, Administración e Participación Veciñal.
- María López: Lingua e Mocidade.
- José Manuel Elías: Servizos Básicos.

No novo executivo Uxía Lemus é a primeira e única tenente de alcalde. O alcalde e ela

forman parte da Xunta de Goberno Local, ademais de Iria Otero, María López, Roberto Moñino e María Josefa Argibay.

As retribucións aprobadas polo Pleno son de dedicacións exclusivas para o alcalde (40.000 euros brutos anuais) e os concelleiros Iglesias, Otero, Lemus e Argibay (32.000 euros brutos anuais) e dedicación parcial para o edil Elías (17.000 euros brutos anuais).

**Integrantes da nova Corporación municipal de Teo escollida para o mandato 2019-2023**

### EN CONTACTO COA VECIÑANZA

## Enderezos electrónicos do goberno

Sisto: rafasisto@teo.gal

Iglesias: ignacioiglesias@teo.gal

Otero: iriaotero@teo.gal

López: marialopez@teo.gal

Lemus: uxialemus@teo.gal

Moñino: robertomogil@teo.gal

Argibay: maiteargibay@teo.gal

Elías: jmelias@teo.gal

# Un novo informe municipal rexeita a intervención de Toysal na Casalonga



**O Concello vai da man das entidades sociais no seu rexeitamento ao plan de Toysal, que afecta a unha vía e obvia a existencia de residuos perigosos**

Un novo informe técnico municipal rexeita a intervención da empresa Toysal na antiga canteira da Casalonga. O documento foi remitido polo Concello ao Departamento de Minas da Xunta de Galicia, por solicitude da Administración autonómica. Malia a todo, o informe non é nin preceptivo nin vinculante.

O informe municipal estuda o plan de restauración presentado pola empresa para intentar lograr a concesión da explotación 'Casalonga' 6996. Unha das principais obxeccións é que o plan afectaría ao sistema viario de titularidade municipal existente no ámbito de actuación do plan. Tal como determina o persoal técnico local, a iniciativa suporía modificar rasantes, xeometría e perfís sen que o Concello teña coñecemento nin dese autorización para facelo. A empresa considerou erroneamente como propia unha vía que pertence ao Concello.

Outra das razóns para rexeitar o plan de Toysal é que non contempla que na zona existen residuos inertes perigosos, que deberían ser retirados antes de iniciar o plan.

## “Enmascarar a xestión de residuos”

Uxía Lemus, concelleira de Urbanismo e alcaldesa accidental no momento en que se remitiu a Minas o documento solicitado por parte da Xunta, explica que “este informe rexeita unha vez máis o intento de Toysal de enmascarar a xestión de residuos cun plan de restauración e pensamos que hai argumentos para que a Xunta o paralice de novo”.

Lemus lamenta que tamén nesta ocasión o goberno autonómico “aproveitase o período estival para enviar este tipo de documentación, sabedores do impacto social que pode ter”. Neste sentido, agradece o traballo efectuado polo persoal municipal para poder presentar en tempo e forma o informe do Concello.

Así mesmo, a concelleira amosou a súa indignación ante as últimas novas procedentes da Dirección Xeral de Minas, non permitindo a personación da Plataforma Casalonga Limpa de Residuos como interesada no expediente do plan de restauración. Lemus lembra, en contraposición á postura obstrucionista de Minas, a colaboración tanto do Goberno como do conxunto da Corporación teense con este movemento veciñal, fundamental nesta loita.

## Case dez millóns de metros cúbicos

O plan de restauración afecta ás case 56 hectáreas de superficie da antiga canteira na Casalonga. Preténdese recuperar unha morfoloxía do terreo semellante á que presentaba antes do inicio dos traballos de explotación da canteira.

Para iso, a intención de Toysal é encher o oco con 9.869.500 metros cúbicos de residuos inertes, de acordo cos datos que presentou a empresa. Deles uns 167.500 serían de terra vexetal para a cobertura ou no seu defecto tecnosolos. Como fase final da denominada restauración o documento prevé a plantación de árbores •

# Máis de vinte escolas deportivas en 2019-2020

A programación de escolas deportivas municipais de Teo para o curso 2019-2020 supera as vinte modalidades diferentes, que se impartirán en diversas instalacións nos Tilos, na Ramallosa, en Calo e en Cacheiras.

No pavillón dos Tilos desenvolveranse escolas de patín, baloncesto, atletismo, e tenis en niveis iniciación e avanzado. Tamén nos Tilos, o Club Family acollerá as escolas de aeróbic e de pádel e o San Francisco a de judo. A escola de xadrez terá lugar na Casa Común dos Tilos.

Xa na Ramallosa, está prevista a escola de bicitrial. O pavillón Ezequiel Mosquera empregase para escolas de patín, minitenis, psicomotricidade, aeróbic, tiro con arco e ciclismo. A piscina municipal climatizada acollerá as clases de natación e as actividades de heroican júnior e kids, iniciación ao fitness e dance.

En Calo programáronse actividades de patín, tenis de iniciación e avanzado, taekwondo, psicomotricidade, aeróbic, karate e kickboxing no pavillón polideportivo.

Cacheiras acollerá as clases de billar no Club de Billar, as de rugby e fútbol americano no campo de fútbol e as de skate no IES.



Pola súa parte, a programación de actividades para persoas adultas inclúe aeróbic, pilates e ximnasia no pavillón dos Tilos e no colexio dos Tilos; aeróbic na Casa Común de Rarís; ximnasia nas Casas Comúns de Lampai e da Torre; tenis, aeróbic, ximnasia e pilates no pavillón de Calo; tiro con arco no pavillón da Ramallosa; fútbol americano e flag football no campo da Cañoteira; e billar no Club de Billar en Cacheiras. A liga de fútbol sala e as actividades de Asпамite desenvolveranse tamén no polideportivo de Calo.

## Inscripcións desde o 2 de setembro

A información detallada das distintas actividades estará dispoñible na páxina web do Concello desde o 26 de agosto. As inscricións comezan o 2 de setembro. Se exceden a oferta, as prazas serán sorteadas publicamente •

**As diversas instalacións municipais, como a piscina cuberta da Ramallosa, acollerán a programación de escolas deportivas**

## CULTURA

### Ampla variedade na oferta de formación cultural

As escolas municipais de cultura, que como as deportivas abren o seu prazo de inscrición o 2 de setembro, incorporan diversos grupos de artes plásticas na escola do Ameneiro (Calo) e na escola de Tras do Eixo (Cacheiras).

A proposta de teatro terá lugar no Auditorio Constante Liste da Ramallosa. As clases de guitarra desenvolveranse na Casa Común dos Tilos, en niveis básico e medio. A Casa Común Mari-sa Mirás, en Calo, acollerá as escolas de precirco, mentres que as de danza contemporánea serán no Auditorio Constante Liste na Ramallosa.

En canto á informática, organízase unha escola de programación en dous grupos de idade na Aula de Informática do Auditorio Constante Liste. Todos os detalles das actividades poderanse atopar na páxina web do Concello.



## CULTURA

### A USC...

convoca o programa de formación universitaria para maiores de 50 anos, no que colabora o Concello. Matrícula de balde en Cultura ou nas bibliotecas do Gri-lo e dos Tilos.



# AXENDA DAS ASOCIACIÓNS 2019/2020

## Rosalía de Castro

### ESCOLA DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAIS

**Baile tradicional.** A partir de 4 anos. Sábados pola mañá. Os horarios acórdanse a principios de setembro.

**Pandeireta.** A partir de 4 anos. Sábados pola mañá. Os horarios acórdanse a principios de setembro.

**Gaita e percusión.** A partir de 7 anos. Os horarios concréntanse en setembro. A presentación das escolas será o segundo sábado de setembro pola mañá no local da asociación.

### TEATRO INFANTIL

De 6 a 11 anos. Os horarios concretaranse ao comezo de curso.

### ESCOLA DE PERSOAS ADULTAS

**Acordeón, gaita e pandeireta.** Os horarios e prezos destes cursos coñeceranse ao longo do mes de setembro.

Consultar coa asociación no enderezo electrónico [asociacion@rosaliacacheiras.org](mailto:asociacion@rosaliacacheiras.org)

## Asoc. Recreativa e Cultural Os Tilos

### CONCILIACIÓN

**Espazos lúdico-educativos con xogos e obradoiros.**

De luns a venres de 16:00 a 20:30 horas. Horario ampliado de 15:00 a 20:30 horas. Actividades específicas para nenos e nenas desde os 3 ata os 12 anos. Comezo en setembro.

### CLUB DE MAIORES

**Espazo con actividades de envellecemento activo.**

De luns a venres de 16:00 a 19:30 horas. Para maiores de 60 anos. Desde setembro.

### ACTIVIDADE DE INGLÉS

De luns a xoves. Consultar horarios na A.R.C. Os Tilos. Para alumnado dos cursos de Primaria e de Secundaria e para persoas adultas. Comezo en setembro.

### ACTIVIDADE DE PILATES

Os martes e os xoves. De 19:20 a 20:10 horas ou de 20:30 a 21:45 horas. Para persoas adultas. Comezo en outubro.

### ACTIVIDADE DE GUITARRA E UKELELE

Venres. De 18:00 a 19:00 horas. A partir de 6 anos de idade. Comezo previsto para outubro.

### CAMPAMENTOS URBANOS

**Nos períodos de vacacións escolares.** De 7:30 a 15:30 horas. Posibilidade de

ampliación horaria. Nas instalacións da asociación. Para nenos e nenas a partir dos 3 e ata os 15 anos.

Máis información no 981 819 501 (de 16:30 a 21:00 horas), no 673 769 537, en [arcostilos@arcostilos.org](mailto:arcostilos@arcostilos.org) ou na súa sede do número 8 da Rúa Ameneiro dos Tilos.

## A Baiuca

**Ioga.** Xoves ás 10:30 h.

**Pilates.** Martes ás 10:30 h. Luns e mércores ás 20:00 h.

Teléfonos de contacto: 620 557 708 (Alicia) ou 659 229 944 (Ana).

## A Carballeira de Francos

As actividades desta entidade realízanse na Casa Común de Francos, a antiga escola. A súa programación inclúe:

**Pilates.** Luns e venres. De 21:00 a 22:00 h.

**Manualidades.** Xoves. De 19:30 a 21:30 h.

**Labores.** Luns. Pendente de establecer o horario.

**Ioga, zumba, informática, internet e apicultura.** Estas cinco actividades teñen pendente de concretar os días e os horarios.

Información en [avcarballeirasm@hotmail.com](mailto:avcarballeirasm@hotmail.com)

## Cruceiro do Monte

Esta entidade con sede en Solláns programa:

**canto coral, traballos manuais, labores e bordado, curso de encaixe, ganchillo e bolillos, pandeireta, cestería de vimbios, ximnasia de mantemento e brixolaxe.**

Información: 677 242 766 ou 981 806 391.

## Teenses pola Igualdade

Esta entidade ten a súa sede na escola de Vilanova, en Recesende. A partir do 1 de setembro abre a inscrición para **informática básica, informática de perfeccionamento, inglés oral, iniciación ao teatro, obradoiro de lectura igualitaria, curso de restauración e obradoiro de uso de teléfonos Android.**

Inscricións en [teensespi@gmail.com](mailto:teensespi@gmail.com) ou en 647 189 953 (Balbi), 666 870 923 (Zora) ou 676 052 321 (Rosa).



## Asociación Mulleres Rurais de Teo

As actividades desta entidade desenvólvense na escola de Bamonde. A programación comezará no último trimestre do ano. Están pendentes de fixar as datas e os horarios.

**Obradoiros de conservas, de pintura, de restauración e de labores.** Pendente de fixar algunha viaxe cultural.

Máis en [mulleresrurais.teo@hotmail.com](mailto:mulleresrurais.teo@hotmail.com)

## Asociación O Cachón

**Memoria activa.** Luns de 18:30 a 20:00 h.

**Zumba.** Martes e xoves de 18:45 a 19:45 h.

**Pilates.** Martes e xoves de 20:00 a 21:00 h.

A entidade ten a súa sede no local social de Vilar de Calo.

Información en [asococachon@hotmail.com](mailto:asococachon@hotmail.com)

## A.V. de Bamonde

**Zumba.** Venres ás 20:30 h no local social do campo da festa.

Información no 659 594 963 ou en [maryguerracalvelo@gmail.com](mailto:maryguerracalvelo@gmail.com)

## Banda de Música Cultural de Teo

A Banda de Música Cultural de Teo ofrece **escolas** de solfeo, clarinete, frauta, percusión, trompeta, trombón, bombardino, saxo... As clases adoitan ser os venres pola tarde e os sábados pola mañá.

Información no 666 274 791

e en [www.bandaculturaldeteo.com](http://www.bandaculturaldeteo.com)

## A Mámoa

**Música e percusión tradicional.** Escola: sábados de 10:00 a 12:45 h, por idade e nivel. Grupo: sábados de 13:00 a 14:00 h.

**Acordeón.** Martes de 18:00 a 19:30 h.

**Baile tradicional.** Escola: venres de 17:00 a 21:00 h, por idade e nivel. Persoas adultas: venres de 21:00 a 23:30 h, por nivel.

**Pandeireta.** Escola: venres de 17:00 a 21:00 h, por idade e nivel. Persoas adultas iniciación: venres de 20:00 a 21:00 h. Grupos: luns, martes e mércores, por idade e nivel.

**Coral polifónica.** Martes e xoves de 21:30 a 23:00 h.

**Pilates.** Luns e mércores de 20:30 a 21:30 h. Correo electrónico: [acamamo@gmail.com](mailto:acamamo@gmail.com)

## A Ponte Vella

**Música tradicional.** Gaita, acordeón e percusión. Martes no tramo de 19:15 a 23:00 h, con horario segundo idade e nivel.

**Baile tradicional, grupo oficial.** Xoves de 22:00 a 23:30 h.

**Baile tradicional, escola.** Sábados no tramo de 16:00 a 20:30 h. Horarios por idade e nivel.

**Pandeireta, grupo oficial.** Martes e sábados de 21:30 a 22:30 h.

**Pandeireta, escola.** Sábados no tramo de 16:00 a 20:30 h. Horario segundo idade e nivel.

**Iniciación á pandeireta para persoas adultas.** Mércores de 20:00 a 21:00 h.

**Zumba.** Luns de 21:30 a 22:30 h.

**Ximnasia para persoas adultas.** Luns e mércores de 20:30 a 21:30 h.

As clases poden experimentar cambios segundo o número de persoas anotadas. Máis información en [www.apontevella.es](http://www.apontevella.es)

## S.R. S. Xoán de Calo

### ESCOLA DE MÚSICA

**Iniciación á música e solfeo.** Martes de 18.00 a 19.00 h e venres de 16:30 a 19:30 h.

**Instrumentos.** Vento-metal, vento-madeira e percusión. Xoves de 18:30 a 19:30 h e venres de 16:30 a 19:30 h.

**Banda.** Sábados de 11:30 a 13:30 h.

### ESCOLA TRADICIONAL

**Gaita e percusión persoas adultas iniciación.** Luns de 20:00 a 21:00 h.

**Baile persoas adultas iniciación.** Sábados de 21:00 a 22:00 h.

**Pandeireta e canto persoas adultas.** Sábados de 19:00 a 20:00 h.

**Pandeireta e canto nenos/as.** Sábados de 18:00 a 20:00 h.

**Gaita e percusión nenos/as.** Sábados de 18:00 a 20:00 h.

**Baile nenos/as inic.** Sábados. 18:00 a 20:00 h.

**Baile tradicional.** Luns de 21:00 a 22:00 h.

**Banda tradicional.** Mércores de 20:30 a 22:30 h.

### INICIACIÓN AO TEATRO

#### PARA INFANCIA E PERSOAS ADULTAS

Hora e día por concretar.

#### CORAL POLIFÓNICA

Hora e día por concretar.

#### DEPORTES

Sesións de preparación dos equipos das distintas categorías de idade de fútbol e fútbol sala da S. R. Calo. De luns a venres de 18:00 a 23:00 h. Información en [sralo@sralo.com](mailto:sralo@sralo.com)

## A.V. do Montouto

A actividade desta asociación vaise programar en setembro. Para contactar: [asociacionvecinosmontouto@yahoo.es](mailto:asociacionvecinosmontouto@yahoo.es)

# En setembro, xuntanzas para estudar novas rutas do TeoBús

O Concello convoca este mes de setembro catro xuntanzas coa veciñanza do sur e o leste do municipio para estudar unha proposta de novas rutas do TeoBús. Os encontros recollerán as necesidades de cada zona para o servizo municipal de mobilidade, tanto en frecuencias como en lugares de paso.

A primeira reunión será o 5 de setembro na Casa Común de Teo para as parroquias de Bamonde, Teo e Vilaríño. Seguirán as xuntanzas na Casa Común de Reis o día 12, na Casa Común de Lampai o día 19 e na Casa Común de Rarís o 26. Todas están previstas para as 20.00 horas.

**Haberá encontros coa veciñanza das parroquias de Vilaríño, Bamonde, Teo, Reis, Lampai e Rarís para que acheguen as súas necesidades**

## Por que agora?

A área municipal de Mobilidade explica que este é o momento de reformular e ampliar o servizo do TeoBús ás zonas que carecen del porque a Xunta ten en exposición pública os anteprojectos de explotación das liñas de transporte público. Se non se modifican no prazo de alegacións van supoñer unha mellora das comunicacións en Teo porque recolleon as demandas efectuadas en conxunto cos Concellos de Ames, A Estrada, Padrón e Vedra.



O primeiro contrato-programa acadado coa Xunta só permitira unha das rutas circulares propostas, a existente na actualidade entre os corredores das estradas AC-841 e N-550, deixando as zonas sur e leste sen o servizo.

A chegada do TeoBús a novas zonas facilitará que a poboación poida acudir a puntos de interese como a Casa do Concello, os centros de saúde, os xulgados ou a piscina municipal, ademais de conectar co propio transporte metropolitano •

# Buscamos imaxes e testemuños sobre o traballo das mulleres

O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Teo traballa na montaxe dunha exposición e dunha creación audiovisual nas que se recollerán imaxes e testemuños achegados pola veciñanza sobre o traballo das mulleres do municipio.

A intención é recompilar fotografías e declaracións coas que se rememorarán e porán en valor o pasado ante as novas xeracións. Apelarase así a unha memoria compartida para contribuír a visibilizar as mulleres de Teo, unha liña básica de actuación da Concellaría de Igualdade.

## Como colaborar?

Para colaborar nesta iniciativa basta con facer chegar ao Centro de Información ás Mulleres antes

do 18 de setembro imaxes das mulleres de familias do concello ou tamén testemuños nos que se reflicta a súa realidade laboral.

As fotografías serán dixitalizadas, polo que en pouco tempo serán devoltas ás persoas que as acheguen no mesmo estado no que se entreguen. Para a recollida de testemuños concretarase en cada caso unha data para a gravación tendo en conta a dispoñibilidade de quen as protagonice.

Quen precise obter máis información pode contactar co CIM no enderezo electrónico [cim@teo.gal](mailto:cim@teo.gal) ou no teléfono 981 938 475.

A mostra e a creación audiovisual proseguen iniciativas previas semellantes como as homenaxes ás leiteiras ou ás costureiras •

**O Centro de Información ás Mulleres recolle material ata o 18 de setembro para preparar unha exposición e unha creación audiovisual**

## Campaña de rozas

A brigada de parques e xardíns, adscrita á Concellaría de Servizos Básicos ao cargo do edil José Manuel Elías, ultima a limpeza e roza dos case 900 km de cunetas do municipio. Utiliza dous tractores municipais completamente equipados.

O Concello agarda incorporar un terceiro tractor en outubro, que permitirá mellorar a eficacia dos traballos. Para pistas de Calo e Lampai contrata desde hai anos unha empresa externa co obxectivo de intentar non chegar tarde co servizo a ningún lugar.

A mesma brigada traballa tamén na adecuación das contornas dos colexios e dos parques infantís dentro de recintos educativos con vistas ao novo curso escolar. Outras zonas de intervención son as rotondas e xardíns das



estradas N-550 e AC-841 e outros parques de titularidade pública, así como masas comúns e camiños rurais ou contornas de campos de festas, que se foron atendendo segundo as datas de petición das diferentes comisións.

Nas últimas semanas limpáronse ademais as contornas dos campos de fútbol de Rarís, Recesende e de Praña e acondicionáronse os roteiros turísticos, culturais e deportivos •

**A brigada de parques e xardíns acondiciona os espazos públicos**

### EDUCACIÓN E CULTURA



## O Concello prepara os colexios para o novo curso

A Concellaría de Educación e Cultura aproveitou as vacacións de verán para revisar as instalacións dos CEIP de Calo, da Ramallosa e dos Tilos e do CRA de Teo. A intención é que todos os colexios estean nas mellores condicións para o inicio do novo curso o 11 de setembro.

As distintas tarefas que se acometen recollen peticións das direccións dos centros. A concelleira de Educación ten previsto ademais reunirse no principio de curso con equipos directivos e ANPAS para unha posta en común de temas de interese da comunidade escolar.

En canto ás bibliotecas municipais, o Concello incidirá na actualización de fondos e na súa dinamización con actividades todo o ano. As bibliotecas manteñen o programa *A segunda vida dos libros*, que permite levar de balde e sen devolución libros que non forman parte dos fondos.



### DEPORTES



## 'Goza do Ulla' desde Sestelo polo Camiño dos Arrieiros

O programa 'Goza do Ulla' prepara unha saída en Teo o domingo 8 de setembro. O percorrido cubrirá os dez quilómetros da senda natural desde o Rego Sestelo ata a Ponte Mariola sobre o Ulla. Sairá ás nove da mañá desde a área de lecer do Xirimbao e seguirá polo recuperado treito do Camiño dos Arrieiros e a ponte de Pontevea ata a meta. Para participar é imprescindible anotarse en [deportes@teo.gal](mailto:deportes@teo.gal) antes do 4 de setembro. Pode acudir calquera maior de sete anos, aínda que para menores de idade cómpre autorización e menores de dezaseis deberán ir cunha persoa adulta.

# AXENDA

## Setembro de 2019



Mércores	Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica. De 11:00 a 13:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.
Venres	Mercado en Cacheiras.
Sábados	Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

**1** Domingo. Mediodía. Actuación da **Banda de Música da S.R. de San Xoán de Calo**. Campo da festa de Solláns.

**3** Martes e xoves. 18:30 a 20:00 h. Inicio do **obradoiro de autoestima** do CIM. Inscricións: 981 938 475 ou cim@teo.gal. Servizo de canguraxe. Aud. Constante Liste.

**5** Xoves. 20:00 h. Xuntanza coa veciñanza das parroquias de **Bamonde, Teo e Vilariño** sobre o **TeoBús**. Casa Común de Teo.

**6** Venres. 21:00 h. Noite de **observación astronómica**. Inscricións en Cultura. Zona arqueolóxica de Loureiro (Luou).

**8** Domingo. Roteiro desde Sestelo ata a Ponte Mariola no programa **Goza do Ulla**. Anotación en deportes@teo.gal ata o día 4.

**9-14** Semana de inicio das actividades de **envelhecimento activo**.

**9** Luns. Mediodía. Actuación da **Banda de Música da S.R. de San Xoán de Calo**. Campo da festa do Carmelo (Calo).

**12** Xoves. 20:00 h. Xuntanza coa parroquia de **Reis** sobre o **TeoBús**. Casa Común.

**13** Venres. 19:00 h. **Contacontos: Dulcinea, a nena cabaleira**, de Anxo Fariña. Biblioteca dos Tilos.

**14** Sábado. 12:00 h. **Contacontos: A reconquista**, de Antía Yáñez. Mediateca do Grilo (Cacheiras).

**14** Sábado. 18:00 h. **Presentación do roteiro saudable**. Casa Común de Francos.

**14** Sábado. 21:00 h. **VI Andaina aos**

**petróglifos de Teo**. Inscrición en Cultura. Saída: Campo da Ermida de Cornide.

**19** Xoves. 20:00 h. Xuntanza coa veciñanza de **Lampai** sobre o **TeoBús**. Casa Común.

**20** Venres. 19:30 h. **Concerto infantil: Canta connosco!**, de Migallas Teatro. Auditorio Constante Liste.

## 21-22-28-29

Sábados 20:00 h / Domingos 18:00 h. **Mostra de Teatro Martabeladas de Teenses pola Igualdade**. 21: **A estrana familia**, de Martabelas (Teo). 22: **Un, dous, tres**, de Carauta (Santiago). 28: **2010**, de Sen Cancelas (Santa Comba). 29: **E ti, de quen vés sendo?**, de Debullando (Negreira). Auditorio Constante Liste.

**22** Domingo. Mediodía. Actuación da **Banda de Música Cultural de Teo**. Campo da festa de Santa Eufemia (Ribas, Oza).

**26** Xoves. 20:00 h. Xuntanza coa parroquia de **Rarís** sobre o **TeoBús**. Casa Común.

**27** Venres. 18:00 h. **Contacontos: Contamos todas**, de Brais das Hortas. Mediateca do Grilo (Cacheiras).

**28** Sábado. 12:00 h. **Obradoiro de mensaxes de loita en tela**, de O Faiado de Nin. Mediateca do Grilo (Cacheiras).

**29** Domingo. Mediodía. Actuación da **Banda de Música Cultural de Teo**. Campo da festa de Rarís.

**29** Domingo. Mediodía. Actuación da **Banda de Música da S.R. de San Xoán de Calo**. Campo da festa de Oza.